



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-0063, con data de 12/01/2021, pola que aprobou a lista provisional das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de profesor/a de LINGUAXE MUSICAL para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de profesor/a de Linguaxe Musical para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, cunha xornada máxima de traballo de 22 horas semanais, mediante o sistema de concurso-oposición libre, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal laboral temporal](http://www.redondela.gal-apartado-de-emplego-publico-personal-laboral-temporal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 248, do 28/12/2020.

O prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles iniciouse o día 29/12/2020 e rematou o día 07/01/2021.

Tras expirar o antedito prazo e de conformidade co disposto nestas bases de selección que se aprobaron por Resolución da alcaldesa núm.: 2020-2572, con data de 29/10/2020, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para constituír unha bolsa de traballo de PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, ás seguintes persoas aspirantes:

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 7R66GFSAE69CWM9EMXTQXSXT4 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	LAGO GRANADA, PAULA	*****331-T
2	LEYVA DE LA ROSA, ALEIDA EDURNE	*****801-C

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)*, núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para constituír unha bolsa de traballo de PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL para o Conservatorio e Escola de Música de Redondela, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	BELLO GAREA, LUCÍA	*****552-A	-NON ACREDITA ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN REQUIRIDA NO APARTADO 4.C) DAS BASES REGULADORAS.
2	COSTAS SOBRAL, SARA	*****969-F	-NON ACREDITA ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN REQUIRIDA NO APARTADO 4.C) DAS BASES REGULADORAS.
3	FRAGA GONZÁLEZ, NICOLÁS	*****092-F	-NON ACREDITA ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN REQUIRIDA NO APARTADO 4.C) DAS BASES REGULADORAS.

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 7R66GFSAE69CWM9EMXTQXSX74 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



4	IGLESIAS RODRÍGUEZ, MÓNICA	*****135-S	-NON ACREDITA ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN REQUIRIDA NO APARTADO 4.C) DAS BASES REGULADORAS.
5	SENLE HERVELLO,SARA	*****803-B	-NON ACREDITA ESTAR EN POSESIÓN DA TITULACIÓN REQUIRIDA NO APARTADO 4.C) DAS BASES REGULADORAS.

TERCEIRO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta relación.

Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas fixarase a data, hora e lugar de realización da fase de oposición, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización desta fase coa exposición desta resolución.

CUARTO: Publicar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 7R66GFSAE69CWM9EMXTQXSXT4 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3